


ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 17, DE MAIO DE 2019

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS




LETRAS GALEGAS
17 DE MAIO DE 2019

SeminarioGalicia.org

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS FOI UN ESCRITOR, HISTORIADOR, ANTROPÓLOGO E ETNÓGRAFO GALEGO, DIRECTOR DO MUSEO DO POBO GALEGO, INTEGRANTE DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, CRONISTA XERAL DE GALICIA... AO QUE SE LLE DEDICA O DÍA DAS LETRAS DESTE ANO.



ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com




ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS NACEU NO LUGAR DE INSUELA, NA PARROQUIA DE LOUREIRO DO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE COTOBADÉ, UN 28 DE DECEMBRO DE 1905. ERA FILLO DE TERESA E DE MANUEL, CANTEIRO EMIGRANTE NO BRASIL.



2

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com




3



AOS 13 ANOS MATRICULOUSE, PARA FACER O BACHARELATO, NO INSTITUTO XERAL E TÉCNICO DE PONTEVEDRA. NESTE INSTITUTO COÑECERÁ A CASTELAO, SOBRINO E LOSADA DIÉGUEZ E FUNDARÁ, COS SEUS COMPAÑEIROS DE ESTUDOS, A SOCIEDADE DA LINGUA.

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com




4



A SOCIEDADE DA LINGUA TIÑA COMO OBXECTIVO A DEFENSA E ESPALLAMENTO DO IDIOMA GALEGO E A CONFECCIÓN DUN DICCIONARIO. PARA ESTE DICCIONARIO, QUE NUNCA CHEGARÍA A PUBLICARSE, ANTONIO ELABOROU UNHA CHEA DE FICHAS E ANOTACIÓNS.

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com




AO REMATAR O BACHARELATO TRASLADOUSE A SANTIAGO A ESTUDAR FILOSOFÍA E LETRAS E NES-
TA CIDADE, EN 1923, ENTRARÁ A FORMAR PARTE DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS.



5

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com




PRESENTOUSE COMO CANDIDATO Á ALCALDÍA DO CONCELLO PONTEVEDRÉS DA ESTRADA E, EN 1936, FIXO CAMPAÑA A PROL DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA. FOI SEPARADO DA DOCENCIA POR MOR DAS SÚAS IDEAS GALEGUISTAS.



6

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



7




DESPOIS DA GUERRA CIVIL OS MILITARES CLAUSURAN O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS E REQUISAN TODO O SEU MATERIAL. ANTONIO SEGUIRÁ INVESTIGANDO E ESCRIBINDO, POLA SÚA CONTA, SOBRE A CULTURA E AS TRADICIÓNS GALEGAS.

CASAMENTO DA PULGA

Unha pulga e unha mosca
trataron de se casar
fixeron as bolas xuntos
e faltáballes o pan.
Saíu a formiga
do seu formigueiro.
-Se queredes pan
eu son panadeiro.
-Agora meniña
panciño xa temos
fáltanos o viño
onde o toparemos?

Saíu o mosquito
do seu mosquiteiro.
-Se queredes viño
eu son arrieiro.
-Agora meniña viñiño
xa temos
fáltannos manteis
onde os toparemos?
Saíu a araña
da súa arañeira.
-Se queres manteis
eu son tecedeira.




Antonio Fraguas Fraguas



NO «CANTIGUEIRO DE COTOBADE» ANTONIO FRAGUAS RECOLLE MOITÍSIMAS CANTIGAS POPULARES DO SEU CONCELLO NATAL.
FOI EDITADO, EN 1985, NOS CADERNOS DO SEMINARIO DE SARGADELOS.

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com




SETE ANOS DESPOIS DO REMATE DA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA CREOUSE O INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS «PADRE SARMIENTO» NO QUE ANTONIO PIDE O INGRESO. NESTA SOCIEDADE CONTINÚA INVESTIGANDO E CHEGARÁ A SER O SEU SECRETARIO.

É TEMPO DA FESTA DO MAGOSTO

As castañas do chan son de quen as colla.

O magosto era tamén unha festa que facían os rapaces, foi festa na que eu tomei parte algunhas veces. Tiñamos que xuntar a leña, principalmente toxos e garabullos secos; facíase a moreiña no abrigo dos penedos grandes, no lugar onde se facía o lume para asar as castañas, na laxa que dá nome ao conxunto de cotos e pequenas chairas que levan o nome de Montes de Pena Cadeira.




Antonio Fraguas Fraguas



O MAGOSTO É UNHA FESTA TRADICIONAL RELACIONADA COA RECOLLEITA DA CASTAÑA NOS LUGARES ONDE HABÍA BOS SOUTOS E QUE NON TEN UNHA DATA FIXA DE CELEBRACIÓN. O NOME DE MAGOSTO ESTÁ REFERIDO Á LARADA QUE SE PREPARA PARA ASAR AS CASTAÑAS.

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com




EN 1951 INGRESOU NA REAL ACADEMIA GALEGA, OCUPANDO O POSTO QUE DEIXARA VACANTE ALFONSO D. RODRÍGUEZ CASTELAO AO MORRER UN ANO ANTES.
O SEU DISCURSO DE INGRESO FOI CONTESTADO POR RAMÓN OTERO PEDRAYO.



OS MARAGATOS

Levan como disfrace un traxe do revés, con remendos ou pezas caprichosas, un uniforme militar, ou sinxelamente un traxe improvisado pola man dunha costureira. O anteface adoita ser de *fol*, peleso caseiro empregado para a fariña e o gran, procurando que axuste un extremo (ou *cornello*) ao nariz; ás veces levan anteface de cartón, semellando o fociño dalgún animal, ao que se denomina *fociño de can*. Na cabeza un gorro cónico ou trapezoidal, coas súas correspondentes cintas. Van provistos de cordas e díselles berrando:

Maragato pato,
rabo da cincha,
cando o galo canta,
maragato rincha.




Antonio Fraguas Fraguas



O ENTROIDO É UNHA FESTA TRADICIONAL DE GALICIA QUE SE CELEBRA ENTRE OS MESES DE FEBREIRO E MARZO, PERO CON MOITAS DIFERENZAS EN DISFRACES, ESMORGAS, COSTUMES... ENTRE UN E OUTRO LUGAR.

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



EN SANTIAGO TRABALLOU COMO PROFESOR NO INSTITUTO «ROSALÍA DE CASTRO». NESTA ÉPOCA FOI NOMEADO DIRECTOR DO MUSEO MUNICIPAL DE SANTIAGO QUE DESPOIS SE CONVERTERÍA NO MUSEO DO POBO GALEGO, DO QUE TAMÉN SERÍA DIRECTOR.



13


A SANTA CRUZ DE ARANGA

A cruz que dá lugar á romaría estaba agochada, enterrada, e no lugar onde se descubriu brotou unha fonte, que continuou manando. Está situada á esquerda do río. José María Luengo y Martínez refire que as augas desa fonte son reputadas como milagreiras polo feito de brotaren no intre do descubrimento da cruz naquel lugar:

«Atribúeselles a virtude de escorrentar as invasións de insectos daniños nos campos e cultivos, se se orballan con elas...»

...

Os romeiros lávanse e beben, pero ademais levan botellas de auga para bendicir xente, gando e leiras.



Antonio Fraguas Fraguas



MOITAS DAS FESTAS E TRADICIÓNS POPULARES DE GALICIA ESTÁN RELACIONADAS COAS CRENZAS RELIXIOSAS E, A MOITAS DELAS, ATRIBÚENSELLE BENEFICIOS PARA AS PERSOAS, OS ANIMAIS, AS PLANTAS E AS FACENDAS.

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

GRÁFICOS: carlosallegodominguez.com



EN 1992 FOI NOMEADO POLO CONSELLO DA XUNTA «CRONISTA XERAL DE GALICIA». DOUS ANOS DESPOIS CEDEU A SÚA BIBLIOTECA PARTICULAR, COMPOSTA POR MÁIS DE 20.000 VOLUMES, AO MUSEO DO POBO GALEGO.




15

A LUZ DA LÚA

A luz da lúa fai mal como a do sol, somentes que a do sol queima e a da lúa pon amarelas as persoas. Non deben recibir a lúa unha chea de froitos como as patacas, allos, cebolas, mazás e peras. A súa luz ademais de facerlle botar moi axiña grelos e xoromelos ponlle unha cor verdosa que se chama *a mera*. Do mal que pode facer a quen pase moito tempo ao luar e poñer ás xentes de cor marela poden falar as cantigas dos que botan parrandas á sombra das oliveiras ou dos castiñeiros:

*Debaixo da oliveira
dá gusto parrafear
pois ten a folla miúda,
non deixa entrar o luar.*



Antonio Fraguas Fraguas



EN «GALICIA MÁXICA» ANTONIO FRAGUAS RECOLLE MOITAS CRENZAS POPULARES GALEGAS RELACIONADAS COAS PEDRAS, COAS FONTES, COAS PLANTAS E COS PLANETAS AOS QUE A SABIDURÍA POPULAR ATRIBÚE PROPIEDADES E INCONVENIENTES.